

Anuncio

O Pleno desta Corporación, na sesión celebrada o 18/07/2025, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 10/2025, dentro do orzamento municipal de gastos vixente, por un importe de cento corenta e dous mil trescentos sesenta euros e corenta e dous céntimos (142.360,42€), financiado co Remanente líquido de Tesourería dispoñible para gastos xerais.

Para cumprir co disposto polo art. 177.2, en relación co 169.1, do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ao público o citado expediente durante o prazo de 15 días hábiles, neste Concello.

Durante este prazo, que empezará a contar o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, poderán formularse as reclamacións que se consideren pertinentes. As reclamacións deberán ir dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Conforme determinou o Pleno da Corporación, se transcorre o devandito prazo e non se presenta ningunha reclamación, considerarase o acordo definitivamente aprobado

Monfero, 18 de xullo de 2025

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo